

## **BASES DO II CONCURSO DE CATA DE VIÑOS DA RIBEIRA SACRA FUNDACIÓN BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS- CONCELLO DE SOBER**

A Fundación Belarmino Fernández Iglesias xunto co Concello de Sober organizan o II Concurso de Cata de Viños da Ribeira Sacra. Os participantes concursarán por parellas e está aberta a participación a todo o público.

Contarase cun total de 20 referencias de viños, elaborados todos eles na Ribeira Sacra. Previamente, os/as participantes poderán catar e probar todas as referencias, pero só 10 serán seleccionadas polo xurado/organización para o concurso. O viños escollidos deberán ser descritos na rúbrica que se entregará a cada parella participante ao comezo da proba e deberán clasificar os viños por ano, variedade de uva, xove, barrica,... Contarase cun total de 20 minutos para realizar a cata dos viños e entregar cuberta dita rúbrica.

A puntuación total do concurso será de 30 puntos, distribuíndose 1 punto por cada ítem correcto.

Unha vez rematado o tempo de cata, o xurado sumará o total de puntos e calificará ás parellas participantes coa suma final obtida. En caso de empate, realizarase unha nova cata de 3 referencias en copa negra, describíndose cada unha delas, seguindo os mesmos criterios da proba anterior.

Os/as participantes non poderán levar ningún documento que sirva como orientación durante o tempo no que se realice a proba. Asemade, o uso do teléfono móbil está prohibido.

### **DATA E HORARIOS: 28 DE MARZO.**

|                |                                     |
|----------------|-------------------------------------|
| 09:30h.        | Chegada á Casa da Cultura de Sober. |
| 10:00h.        | Presentación do concurso.           |
| 10:15h-10:45h. | Cata de viños.                      |
| 11:00h.        | Comezo do concurso.                 |
| 14:00h.        | Aperitivo e clausura.               |

**INSCRIPCIÓN:** Ata o día 20 de Marzo, nos teléfonos **647 975 135 (David Cidre), 654 296 129 (Lara Vázquez), 697 813 582 (Alberto Fuentes)**.

**PREMIOS:**

- 1º PREMIO: Diploma acreditativo, lote de viño, unha cea maridaxe no Restaurante Berso de Sober e formarán parte do xurado da cata da XLIII Feira do Viño de Amandi, que se celebrará os días 1 e 2 de Abril.
- 2º PREMIO: Diploma acreditativo, lote de viño e unha cea maridaxe no Restaurante Berso de Sober.

Os premios serán entregados o Domingo 2 de Abril pola mañá no recinto da Feira do Viño de Amandi.

A presentación ao concurso implicará a completa aceptación das bases anteriormente citadas.